



Instrucións para a devolución do equipamento E-Dixgal

IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra) | Curso 2025-26

Seguindo as instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o centro procederá á **recollida do equipamento E-Dixgal** de:

- **todo** o alumnado de **4º ESO**, tanto si titulan como si non o fan.
- alumnado de **1º, 2º e 3º ESO que teña a intención de matricularse noutro centro.**

Esta recollida terá lugar o día **19 de xuño**, seguindo a seguinte orde:

Curso	Día	Hora
4º ESO A	19-06-2026 (venres)	09:00 - 10:30 h
4º ESO B	19-06-2026 (venres)	11:00 - 12:30 h
1º - 2º - 3º ESO (só alumnado que se matricule noutro centro)	19-06-2026 (venres)	12:45 - 13:15 h

Co fin de facilitar o proceso de entrega e recollida, lembrámoslles que o equipamento debe ser devolto **completo (portátil, cargador e maletín) e en bo estado**. Por este motivo, a continuación, indicámoslles unha serie de instrucións e recomendacións.

1. Equipamento a devolver

1.1. Portátil

Estado e funcionamento: O dispositivo debe estar operativo e funcionar correctamente, con todas as teclas, e a pantalla e a carcasa en bo estado. O estado e aspecto xeral serán valorados polo **Coordinador/a E-Dixgal**, que é a persoa con competencia para esta avaliación.

Identificación: Rogamos que **non se retire a pegatina** situada no exterior do equipo, xa que é imprescindible para a súa correcta identificación.

Limpeza: Agradecemos que os equipos sexan devoltos na mellor condición hixiénica posible. Para iso, recomendamos limpar con un pano **levemente humedecido en auga** o teclado, a pantalla e o exterior do equipo, evitando sempre a etiqueta cos datos identificativos.

⚠ Importante: Non se recollerá ningún portátil que non presente un **mínimo de limpeza**.



Entrega: Para axilizar o proceso de devolución, xusto antes da devolución o portátil debe entregarse **encendido**, de xeito que se poida comprobar o seu correcto funcionamento no momento da recollida.

Formateo e datos persoais: Todos os equipos serán **formatados inmediatamente** polo centro tras a súa devolución, co obxectivo de eliminar calquera información persoal que poidan conter.

Modelo	Cor
HP ProBook x360 11 G1	Vermello
HP ProBook x360 11 G5	Negro
Lenovo ThinkPad Yoga 11e 5th Gen	Negro

Incidencias e danos: No caso de detectar algún problema de funcionamento ou dano, póñanse en contacto co **Coordinador E-Dixgal do centro** o antes posible. Debido á proximidade da data de devolución, non se pode garantir a resolución total da incidencia antes da entrega.

1.2. Cargador (ou adaptador eléctrico)

O cargador debe **funcionar correctamente**, estar en **bo estado** e ser o orixinal ou compatible co conector do portátil correspondente.

No caso de extravío ou mal funcionamento, é imprescindible contactar co **Coordinador E-Dixgal do centro** o antes posible para resolver a situación antes da devolución.

⚠ Importante: Non se recollerá ningún equipamento se falta algún elemento.

1.3. Maletín (ou funda)

O maletín debe estar en **bo estado** e entregarse xunto coa correa para o ombreiro. No caso de perda ou extravío, aceptárase un maletín alternativo, sempre que **o aspecto e o tamaño sexan similares** aos do orixinal. Por exemplo, non se aceptarán maletíns non orixinais de tamaño moito maior que o portátil.

⚠ Importante: Non se recollerá ningún maletín que non cumpra un **mínimo de limpeza**.

1.4. Lápis dixital (stylus)

Os portátiles **Lenovo ThinkPad Yoga 11e** deben ser devoltos co lapis inserido no seu aloxamento correspondente no equipo. Os modelos da marca e modelo **HP ProBook x360** non foron entregados con este complemento, polo que non é necesario devolvelo.

2. Procedemento de devolución

O equipamento que **non reúna as condicións indicadas non será recollido polo centro**. Nese caso, as familias ou titores deberán resolver as incidencias ao longo das vacacións de verán seguindo as instrucións do

Coordinador E-Dixgal. Unha vez resoltas., o equipamento **entregarase nos primeiros días de setembro de 2025**, durante o novo proceso de distribución ao alumnado entrante.

 **Moi importante:** O equipamento considerarase oficialmente entregado únicamente cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. O **contrato de devolución** sexa **entregado á familia ou titores**.
 - O documento estea debidamente **asinado** polo **Coordinador/a E-Dixgal**.
2. As condicións do equipamento fosen **avaliadas e consideradas conformes** ás especificacións de devolución polo Coordinador E-Dixgal conforme instrucción da Consellería de Educación.

 **Este proceso e requisitos son obrigatorios para dar por finalizada a devolución e, en consecuencia, a cesión do equipamento.**

3. Xestión de incidencias antes ou despois da devolución

Ante calquera incidencia ou dúbida, a Consellería de Educación pon a disposición das familias o seguinte número de **teléfono gratuito (24 horas)** e **dirección de correo**:

- Teléfono Soporte Premium E-Dixgal: **881 86 99 00**
- Correo Soporte Premium E-Dixgal: **soporte.premium@edu.xunta.gal**

Tamén recordar que no **proceso de entrega e recollida**, **a alumna ou alumno deberá vir acompañado polo pai, nai, titor ou titora** ou familiar responsable, para o asinamento do **contrato de devolución**.

Pontevedra, a 8 de xuño de 2026

Alberto Durán Pérez

Coordinador E-Dixgal do IES Frei Martín Sarmiento